

D I T A M E

sobre o anteproxecto de

# **Lei de augas de Galicia**

*Ditame*  
**1/10**



**APROBADO POLO PLENO O 12 DE MAIO**



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ANTECEDENTES

**1.-** En data 12 de marzo de 2010 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de augas de Galicia.

**2.-** O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

**3.-** O día 15 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 22 de marzo de 2010, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

**4.-** A Comisión Sectorial, na súa sesión 05/10, de data 10 maio de 2010, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

**5.-** O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/10, do 12 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

### DITAME

*sobre o anteproxecto de Lei de augas de Galicia.*

## ESTRUTURA E CONTIDO

### 1. Obxecto da Lei:

- a) Ordenar as competencias da Comunidade autónoma de Galicia e as dos entes locais galegos en materia de auga e obras hidráulicas.
- b) Regular a organización e o funcionamento da Administración hidráulica de Galicia.
- c) Ordenar o ciclo integral da auga de uso urbano e establecer as bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración.
- d) Regular as bases do exercicio da planificación hidrolóxica en Galicia.
- e) Establecer o réxime económico-financeiro da auga en Galicia co obxectivo de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico.
- f) Regular o réxime de infraccións e sancións.

### 2. As augas minerais e termais regularanse pola súa propia lexislación.

O anteproxecto de lei estrutúrase en sete títulos, catorce disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, así como 3 anexos.

No **Título I** “*Disposicións de carácter xeral*” (artigos 1 ao 6), recóllense os obxectivos, definicións, os principios e as competencias da Comunidade Autónoma e dos entes locais, asemade as demarcacións hidrográficas en Galicia.

No **Título II** “*Da administración hidráulica de Galicia*” (artigos 7 ao 23), divídese en 3 Capítulos.

No Artigo 7, recolle os entes e órganos que forman a Administración hidráulica de Galicia.

Capítulo I “Augas de Galicia. Disposicións Xerais” (artigos 8 ao 11), créase e regúlase Augas de Galicia, ente público da Administración da Comunidade Autónoma, a súa natureza, adscrición, os principios xerais do réxime xurídico e competencias.

Capítulo II “Organización de Augas de Galicia” (artigos 12 ao 18), describe os órganos de goberno e de participación de Augas de Galicia -

Presidencia, Consello de Administración, Dirección, o Consello para o uso sostible da auga- a súa estrutura territorial e o seu persoal.

Capítulo III “Régime Xurídico de augas de Galicia” (artigos 19 ao 23), regúlase o réxime patrimonial, os recursos económicos e réxime orzamentario, o de contratación, recursos contra actos de Augas de Galicia e responsabilidade patrimonial.

**O Título III “Do abastecemento de poboacións e do saneamento e depuración das augas residuais”** (artigos 24 ao 39), divídese en 3 Capítulos.

Capítulo I “Disposicións xerais” (artigos 24 e 25), refírese a actuación da Administración da Comunidade Autónoma e entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións, garantindo a subministración de augas en cantidade e calidade así como do saneamento e depuración das augas residuais, consecución do bo estado ecolóxico das augas e ecosistemas e a reutilización das augas residuais xa depuradas. Dereitos das persoas usuarias da auga de uso urbano.

Capítulo II “Competencias das Administracións Públicas e Régime Xurídico correspondente” (artigos 26 ao 33), comprende as competencias da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma, as competencias das entidades locais, a declaración de obras hidráulicas de interese da Comunidade, o réxime xurídico das obras hidráulicas, a cooperación entre Administracións, as disposicións específicas no ámbito do abastecemento, saneamento, depuración de augas residuais e a asunción da xestión e explotación das infraestruturas de abastecemento e depuración.

Capítulo III “Da planificación sobre abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais” (artigos 34 e 39), abarca as disposicións xerais en materia de planificación, a planificación sobre abastecemento, saneamento e depuración, o réxime xurídico e o informe dos plans territoriais e urbanísticos.

**O Título IV “Política de recuperación dos custos dos servizos”** (artigos 40 ao 74), divídese en 3 Capítulos.

Capítulo I “Disposicións comúns ao réxime económico-financeiro” (artigos 40 e 41), recóllense os principios xerais de actuación e normativa aplicable e a relación con outros ingresos de dereito público relacionados coa Administración hidráulica.

Capítulo II “Canon da auga” (artigos 42 ao 65), abórdase a creación do canon da auga, ámbito de aplicación e normativa aplicable, a súa natureza e obxecto, a afectación do produto do canon, os elementos do tributo, e a

contificación tanto para usos doméstico e asimilados como para usos non domésticos e usuarios específicos e as normas de aplicación.

Capítulo III “Coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais” (artigos 66 ao 70), recóllese a creación do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, o feito imponible e afectación, o suxeito pasivo e devengo, a base imponible e a cota tributaria.

Capítulo IV “Infraccións e sancións tributarias” (artigos 71 ao 74), comprende o réxime sancionador aplicable no ámbito tributario..

No **Título V** “*Da planificación hidrolóxica*” (artigos 75 ao 78), define a actuación administrativa sobre as augas e os bens obxecto de regulación, competencias documentos e finalidades e os efectos dos instrumentos de planificación

No **Título VI** “*Réxime especial de protección da calidade das augas das rías de Galicia*” (artigos 79 ao 82), o obxectivo e previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos prexudiciais que determinadas obras, instalacións e actividades públicas ou privadas poidan ter sobre a calidade das augas das rías de Galicia, así como os vertidos de residuos, obxectivos de calidade das augas, e normas sobre vertidos de augas residuais industriais.

No **Título VII** “*Réxime de infraccións e sancións*” (artigos 83 ao 92), divídese en 3 Capítulos

Capítulo I “Disposicións de carácter xeral” (artigo 83), constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións dos distintos suxeitos responsables tipificadas e sancionas.

Capítulo II “Infraccións e sancións” (artigos 84 ao 87), recolle as distintas infracción e sancións, clasificándoas como leves, graves e moi graves

Capítulo III “Procedemento” (artigos 88 ao 92), recolle o procedemento e as medidas cautela, a reparación do dano causado e reposición das cousas ó seu estado primitivo, as multas coercitivas e prohibición de obter subvencións, da potestade sancionadora das entidades locais, e a prescrición.

Nas **Disposicións Adicionais**, establécese a constitución do ente Augas de Galicia e entrada en funcionamento, a integración dos organismos precedentes neste, a adaptación de Ordenanzas municipais, o informe previo de Augas de Galicia, a ría de Ribadeo a autorización de vertidos de augas residuais municipais de natureza urbana ou doméstica, a validez da primeira

declaración de habitantes de vivendas, a autorización para non liquidación e anulación de débedas.

As **Disposicións Transitorias** recollen as obras de interese da Comunidade autónoma e ausencia de planificación de abastecemento, saneamento e depuración, recadación do canon de saneamento, vixencia da actual planificación de abastecemento e saneamento, o convenio colectivo, servizos de depuración prestados polas entidades locais e a regularización de instalacións de tratamento de augas.

**Disposición Derrogatoria.**

As **Disposicións Derradeiras** fan referencia ao desenvolvemento regulamentario e a súa entrada en vigor.

**Anexo I:** Ámbito territorial das rías de Galicia

**Anexo II:** Obxectivos de calidade das augas das rías de Galicia

**Anexo III:** Límites de emisión de vertidos de augas residuais ás rías de Galicia.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera oportuna a elaboración deste anteproxecto de Lei, que pretende ordenar o ciclo integral da auga na Comunidade Autónoma de Galicia xa que ten que avanzarse na garantía da calidade e sostenibilidade do recurso da auga.

Nembargantes, podería terse avanzado máis en determinados aspectos que non se desenvolven suficientemente, a través da elaboración dun Plan Galego para a recuperación de Sistemas Hidrolóxicos degradados, que debería incluírse no artigo 28.1 ao canon do Plan Galego de Saneamento.

Os **principios** que se deberían recoller na lei son:

- A auga é un patrimonio que temos que protexer.
- A xestión da auga debe estar presidida polos obxectivos de conservación e protección, así como da mellora da súa calidade e a súa utilización prudente e racional.
- Unha maior integración da protección e da xestión sostible da auga noutros ámbitos como o enerxético, transporte, agricultura e turismo.

Deberíase recoller como un dos principais obxectivos o de establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas subterráneas, as augas costeiras e as de transición que:

- Prevexa todo deterioro adicional, protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres e os humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.
- Promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos á nosa disposición, e no seu consumo racional.
- Teña por obxectivo unha maior protección e mellora do medio acuático mediante, entre outras, medidas específicas de redución progresiva dos vertidos.
- Garanta a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evite novas contaminacións.
- Contribúa a paliar os efectos das inundacións e secas.



**2.-** O Título IV do anteproxecto leva por título “*Política de recuperación dos custos dos servizos*” abrangendo dos artigos 40 a 70, ambos dous incluídos.

O capítulo primeiro contén os principios xerais de actuación que se poden sintetizar en:

- O de recuperación de custos, incluídos os ambientais e os de utilización da auga.
- O de quen contamina paga (que, aínda estando relacionado co anterior, supón unha positivización dun principio xeral na normativa ambiental).

É no capítulo II onde se desenvolve ou pretende regular un novo tributo propio, que está chamado a substituír ao actual canon de saneamento (regulado nos artigos 33 e seguintes da Lei 8/1993).

No anteproxecto prodúcese unha **extensión** na ampliación do canon, pois na norma anterior o “canon de saneamento” non se aplicaba a usos aos que agora o “canon da auga” si se vai aplicar. Nótese que mesmo será esixible o canon polo uso ou consumo da auga en captacións propias, superficiais ou subterráneas, incluídos os consumos ou usos de augas pluviais e mariñas que efectúen directamente as persoas usuarias, e mesmo se sinala a súa compatibilidade con outras figuras tributarias estatais e locais. De maneira conxunta, tamén se amplían no anteproxecto os obrigados tributarios.

O CES considera necesaria, por unha parte, unha máis adecuada xustificación da ampliación proxectada, o seu impacto en termos de recadación fiscal e a súa repercusión no tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma. Neste sentido, cómpre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas na conxuntura actual de crise económica, así coma a necesidade de acompañar a implantación das novas figuras coa evolución da situación económica.

Por outra parte, defínese a súa natureza xurídica como un tributo real, indirecto e de **finalidade extrafiscal**, “pola afectación ao medio que a utilización da auga puidese producir”.

Non obstante, apréciase na regulación proxectada que os ingresos obtidos por este se destinarán a unha serie de finalidades que exceden e son máis amplas que as reguladas na Lei 8/1993 e que poderían extralimitarse do pretendido carácter extrafiscal do imposto.

Apréciase que na regulación proxectada se dilúe ese pretendido carácter extrafiscal cunha mención moi ampla de “apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga”.

Existe, polo tanto, unha finalidade do citado tributo moi ampla que **debería limitarse á estrita finalidade extrafiscal que parece latexar na súa instalación** e que non é outra que a súa afectación a programas de gasto en materia do ciclo da auga, como sinala o preámbulo do texto.

Por último, idénticas consideracións deben facerse sobre a creación do **coeficiente de vertido**, que se configura como unha taxa da Comunidade Autónoma, coeficiente que é compatible cos tributos municipais destinados a sufragar os servizos de sumidoiros.

**3.-** O anteproxecto estudado pretende unha modificación integral do actual sistema de organización da xestión hidráulica de Galicia.

Óptase por un modelo de administración hidráulica onde a xestión directa xira en torno á entidade Augas de Galicia, como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, para o cumprimento dos seus fins e competencias, dispoñendo a supresión tanto do Organismo autónomo de carácter administrativo Augas de Galicia como da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ámbalas dúas creadas pola Lei 8/1993, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.

Polo tanto, modifícase a actual organización dual consistente nun organismo autónomo e máis unha sociedade pública por outra consistente nunha sociedade pública.

O CES considera que non se xustifica a oportunidade da creación da nova sociedade pública, as razóns da elección da forma xurídica de sociedade pública e as vantaxes que con respecto da situación anterior puideran derivarse, así como a incidencia desta modificación sobre os recursos humanos existentes nos entes vixentes ata o de agora.

Por outra parte, o CES entende que, dadas as competencias que o novo ente ten asignadas, debería garantirse en todo caso a prevalencia do dereito público, incluída a súa aplicación á regulación do persoal, no exercicio das potestades públicas conferidas á entidade Augas de Galicia. Neste sentido o cadro de persoal, cando as funcións sexan de dirección, inspección, policía e control, debería estar integramente composto por persoas funcionarias, amparadas, nestes últimos casos, pola figura da presunción de veracidade e con rango de axentes da autoridade.

**4.-** O CES considera que, xa que se reconece nas Directivas Europeas o dereito a cidadanía á información, debería establecerse que a Consellería con competencias en materia de auga, a través da súa páxina web, facilitará á cidadanía os datos a tempo real das súas redes de estacións de aforo e do Sistema Automático de Información de Calidade das Augas (SAICA) nos ríos galegos.

**5.-** O CES estima que debería procederse a unha revisión do conxunto do texto a respecto da aplicación da normativa para a escrita do idioma galego. Ademais, debería respectarse o alfabeto galego a efectos do uso clasificatorio de letras: no artigo 20.1 e no 26.2 úsase o j), que non forma parte do noso alfabeto; no artigo 84 utilízanse o j) e o k), na mesma circunstancia e, por outro lado, óbvíase o ñ), que si fai parte do alfabeto galego.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

**1.-** O CES considera que no **Preámbulo** falta unha adecuada xustificación do regulado nas Disposicións Adicionais 8ª a 10ª, 13ª e 14ª.

**2.-** O CES entende que na **Exposición de motivos** debería engadir un último parágrafo no que constase o sometemento do anteproxecto de Lei ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

### **3.- O artigo 2.- Definicións**

No artigo 2 establécense as definicións de determinados conceptos aos efectos da Lei. Nalgún casos estas definicións inclúen referencias a conceptos que non están definidos á súa vez, motivo polo cal o CES estima que sería conveniente a inclusión tamén da súa definición. Por exemplo, é o caso dos conceptos de “augas territoriais”, “augas litorais” ou “zona de saturación”.

O CES considera que a definición que se ofrece non ten en conta ás compoñentes naturais do ciclo hidrolóxico, e fai referencia única e exclusivamente ao movemento da auga ao través da organización social humana (o que poderíamos chamar sistema social).

Así mesmo a definición de *Ciclo da auga*, que se establece no artigo 2 (**definición 16**) non se axusta á establecida pola comunidade científica. Comunmente enténdese por *ciclo da auga*, ou ciclo hidrolóxico, ao conxunto de procesos involucrados na transferencia e movemento da auga ao través dos distintos sistemas -biosfera, hidrosfera, xeosfera- que conforman o planeta (nun sentido extenso tamén se podería incorporar a esta definición o sistema social: o uso da auga pola sociedade humana).

A **definición 33** do artigo 2, de *Reutilización* non é correcta. Reempregar refírese á acción de volver a dar uso a algo, neste caso a auga. Tratamento refírese aos medios ou accións necesarias para conseguir un obxectivo (por exemplo reempregar a auga). O definido e a definición non se corresponden.

#### 4.- O artigo 3.- Principios

O CES considera que no artigo 3, **apartado f)** debería incluírse a palabra “garantía” a dito apartado, e quedar do seguinte xeito:

***“Garantía de eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración.”***

#### 5.- O artigo 5.- Competencias dos entes locais

O CES considera que no artigo 5.2 debería substituír “*encargo*” por “*encomenda*”.

#### 6.- O artigo 16 .- Do Consello para uso sostible da auga

O CES valora positivamente a regulación da participación social que se inclúe neste anteproxecto a través do Consello para o uso sostible da auga, aínda que falta a concreción dalgúns aspectos básicos. O propio anteproxecto inclúe que se realizará nun posterior desenvolvemento regulamentario, pero consideramos que é preciso que a Lei conteña unha maior clarificación en canto a natureza e composición da participación social.

O CES considera que se debe ter presente o preceptuado na Lei 17/2008 de 29 de decembro, de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, a respecto da presenza dos “*Sindicatos e organizacións patronais*” (*sic*) neste organismo. Este último termo, “*organizacións patronais*”, debe ser modificado polo de “***organizacións empresariais intersectoriais***”, tal e como reflicte a devandita Lei.

Tamén é importante delimitar como se vai garantir a participación das persoas usuarias, que debería ser en función da representatividade das súas organizacións.

**7.- O artigo 20.- Recursos económicos e réxime orzamentario**

O CES propón que no **artigo 20.2 c)** se incorpore ao fin da redacción “...  
*ou, no seu caso, en materia de subvencións*”.

**8.- O artigo 26.- Competencias da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma.**

O CES considera que no **artigo 26.2** débese clarificar a asignación de competencias aos distintos ámbitos da administración.

**9.- O artigo 30.- Cooperación entre Administracións.**

O CES estima que o título do artigo artigo 30, “*Cooperación entre Administracións*”, debe cambiarse por “*Cooperación para a xestión integrada da auga*”.

Así mesmo, O CES entende que a coordinación dos diferentes Servizos dentro da Administración, na procura dunha xestión integrada da auga e no desenvolvemento dos principios de conservación do patrimonio natural e dos ecosistemas dos que é parte fundamental, debería ter en conta na lei a forma de participación e coordinación das diferentes administracións públicas que teñen competencias sobre os ecosistemas acuáticos. Teñen que ser aquí reflectidas as relacións entre diferentes Servizos da Administración Autonómica para unha maior eficiencia, eficacia e coordinación na xestión destes espazos naturais na planificación, xestión e aplicación de medidas así como no control e vixilancia.

**10.- O artigo 53.4 .- Cota do canon**

O CES considera que carece de senso que se estableza “por lei” que unha vivenda está habitada por tres persoas agás proba en contra. O lóxico é que o número de persoas nunha vivenda sexa por defecto o número de persoas empadroadas nela, agás proba en contra.

**11.- O artigo 54.- Deducións da cota**

O CES considera que tamén se debe incluír neste apartado os fogares con todos os seus membros no paro.

**12.- O artigo 58.- Usos agrícolas, forestais e gandeiros non exentos**

O CES entende que no art. 58 cómpre cambiar a redacción do título por: *“Usos agrícolas, forestais e gandeiros suxeitos”*.

**13.- O artigo 78.- Efectos dos instrumentos de planificación.**

No artigo 78, **apartado 2**, en relación ao plan hidrolóxico, o CES manifesta a súa preocupación polos hábitats de especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, que deberían definirse, na medida do posible, antes ou paralelamente á elaboración do Plan Hidrolóxico.

**14.- O artigo 81.- Obxectivos de calidade das augas.**

O CES considera, no tocante á protección dos ecosistemas acuáticos da contaminación, que en canto se acaden os niveis previstos no Anexo II, deberían afrontar novos mínimos tecnicamente viables de redución de contaminantes, que permitan un horizonte de mellora da calidade das augas.

**15.- Disposición transitoria cuarta.**

O CES considera que a redacción desta disposición pode resultar problemática en relación á autonomía colectiva dos interlocutores sociais e económicos.

**16.- Disposicións derradeiras**

O CES entende que, dado que neste anteproxecto hai unha frecuente alu-

sión ao posterior desenvolvemento regulamentario que requirirá esta Lei, sería adecuado o establecemento dun límite temporal para a súa elaboración e aprobación.

Así mesmo, debería substituír a expresión “*derradeiras*” pola de “*finais*”.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida



## VOTOS PARTICULARES

### VOTO PARTICULAR CONXUNTO DE : SINDICATO NACIONAL CC.OO.- GALICIA, SINDICATO UGT - GALICIA E CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

O **artigo 47.1 a) e 2b-c)** Supostos de non suxeición e exencións

Consideramos que deberían extremarse as cautelas legais, para que os supostos de non suxeición e exencións do canon sexan excepcionais e socialmente xustificados, para non perverter tanto o obxecto da implantación do canon (con carácter xeral) como a aplicación do principio de recuperación de custos.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010

.....

### VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, queren manifestar algunhas consideracións que na súa opinión deberon ser tidas en conta no texto do Ditame ao Anteproxecto de lei.

• *Inclusión nos supostos de exención do pagamento do canon da auga e do coeficiente de verquido dos usos destinados ao recheo de ocos mineiros.*

No **artigo 47.2** régulanse os supostos de exención no pagamento do canon

da auga. Tendo en conta o uso da auga na recuperación ambiental, especialmente nas grandes explotacións mineiras a ceo aberto, a Confederación de Empresarios de Galicia considera que se deben incluír dentro dos usos exentos contemplados no anteproxecto *“Os usos destinados ao recheo de ocos mineiros”*.

• *Eliminación da obriga de reposición do medio natural afectado nos supostos de forza maior ou caso fortuíto.*

No **artigo 89.3**, considérase abusiva a obriga de reposición do medio natural afectado en casos fortuítos ou de forza maior, pois ambos os casos son eventos que non se poden evitar e que están fóra do control do presunto responsable, polo que non se pode entender que exista “unha persoa causante do dano” e non debe establecerse unha obriga xurídica vinculada á súa realización.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010